

## ¿Por que a mataches?

*Escena teatral*

*A escena desenvólvese nun recuncho do patio do cárcere. Un preso de mediana idade e outro máis novo, vestidos co traxe de penados. O máis novo, é un recién chegado. Falan. O maior ponse a cheirarlle o traxe con fruición. Non para de cheirar.*

-iTío, que pasa! ¿Por que me cheiras? -retírao e escúlcao-. ¿Estás tolo? ¿Es maricón ou que? Xa me dixeron que o cárcere estaba cheo de maricóns. Pero iso si que non, cagho en...

-Non botes por ela, rapás, que a home non hai quen me ghañe. Cando leves tempo aquí cheirando esta porcallada aprenderás a valorar un cheiro auténtico. Isto aínda cheira a pano -e volve cheirarlle o traxe-, a la. Dentro de pouco collerá o cheiro nauseabundo que ten todo aquí. Comproba -e achégase para que o cheire-, cheira o meu.

-iPero, tío, xa vale...! - di o mais novo retirándose.

-Non sexas parvo, iho! Xa che dixen que a home non hai quen me ghañe. Cheira, xa verás...

-iAgg ! ¿Seica non te lavaches desde que entraches ?

-É inútil. O cheiro da cadea envólveo todo. Ao principio de chegar andaba con arcadas todo o tempo. Non me aghuantaba a comida no estómago. Despois, terminas confundido nesta merda.

Máis tranquilo, o recién chegado pregunta:

-¿E logho ti por que estás aquí?

-Porque matei a miña muller.

-iArre demo! ¿Por que a mataches?

-Porque se me repuxo. Xa che dixen que a home non hai quen me ghañe.

O caso é que ela ser, era dócil. Non penses nunha lercha desas. Non. Nunca unha palabra máis alta ca outra. iTráeme isto!, e sen chistar. A comida á súa hora. A casa limpísima. Todo ben. Pero un día empesou a non mirarme. Obedecía pero ocultábame a mirada. ¿Pásache algo? Non, nada, disía, e sen mirarme. Aquilo xa me mosqueou un pouco. iQue mosca lle picara! E, ¿sabes amigo?, non fora unha mosca. Fora unha serpe, a mesmísima serpe do Paraíso terreal ... Eu xa reseaba que algo estaba pasando. E, claro, pasou. Uns días máis tarde, púxenme a comer unhas fanecas, e non estaban boas, icarallo!, non estaban ao meu ghusto, ela ben sabía como me ghustaba a min o peixe. iSeica xa non sabes fritir o peixe, bandallo, paresen cosidas máis ca fritas, carallo, paresen fritas na cona da nai que te pariu ... ! E tireille unha faneca á cara. Só iso. Nin lle toquei. E non queiras ver como se puxo. Aqueles ollos que levaba sempre aghachados saíronlle para fóra coma os dunha lurpia. Olláronme coma se visen unha fera odiosa. iNunca se viu cousa ighual! iE, total, que lle dixera! Xa me dirás ... Non era pra tanto. Miroume desafiante mentres pola boca lle saían as palabras coma arrotos. iMaldito tirano! - e tirou ao lixo o resto das fanecas -. Xa podes buscar outra criada que te sirva. iEsta burra de cargha lisca! iAínda que teña que pidir polas portas! iAcabouse! ¿Daste conta, amigo?, iarrepúñaseme! Tiña que faserlle ver quen mandaba alí. Collín o demo dun tallo que tiña á man e espeteillo na cabeza. Sanghraba coma un porco. Entroume un noxo ... e marchei. Cando volvín de tomar uns chanqueiros na taberna do Tito, había

xente onda a miña casa, e unha curmá da miña muller, que non me podía ver, asomou pola varanda e empesou a ghritos comigho. ¡Asasino!, imatáchela!, eu sempre lle dixen que non eras bo, ¡asasino! Xa ves, así foi como souben que a matara. Tíñao ben meresido, ¿a que si? Se un non pode mandar nin na casa, ¿onde imos mandar, amigho?

(Queizán, M<sup>a</sup> Xosé:

*¡Sentinela, alerta! Xerais 2002)*